



# Petición ao sínodo: recoñecemento das persoas LGTBIQ+

---

Enric Vilà i Lanao<sup>1</sup>

A Igrexa católica áchase nunha encrucillada histórica. Co sínodo en marcha, ten a oportunidade eclesial de incorporar plenamente as persoas LGTBIQ+. O seu recoñecemento é unha materia pendente. Para iso, a Biblia non pode ser unha pedra para lapidar persoas, senón que debe servir para inspirar as súas vidas. Unha lectura inclusiva é imprescindible. En segundo lugar, un *'aggiornamento'* do Maxisterio é necesario a partir do Concilio Vaticano II. Non pode demorarse máis. Cómpre vencer dificultades eclesiais: deixar os medos atrás e cesar a práctica dunha misericordia mal entendida. En terceiro lugar, o sínodo debe recoñecer a presenza activa das persoas LGTBIQ+ e non invisibilizalas. É un *'signo dos tempos'*. Débese escoitar o *'sensus fidei fidelium'* das persoas LGTBIQ+. Recoñecermonos os uns aos outros é a base do mandato de Xesús: amarnos os uns aos outros. Todos somos un en Cristo Xesús.

## 1.- Por unha lectura inclusiva da Biblia

A Biblia, alma da teoloxía (*Dei Verbum*, 24), foi utilizada para condenar persoas LGTBIQ+ e con todo inspira as súas vidas e o seu recoñecemento. Un dos elementos para o recoñecemento das persoas LGTBIQ+ ten relación en como o Maxisterio ten en conta as Sagradas Escrituras. Nesta liña sitúase a iniciativa do papa Francisco de confiar á Pontificia Comisión Bíblica (PCB) o mandato de preparar

---

1 Enric Vilà i Lanao é Licenciado en teoloxía, especialización en Biblia pola Facultat de Teologia de Catalunya, Licenciado en Ciencias Empresariais (MBA) por ESADE e máster en Xestión de Entidades Sen Ánimo de Lucro (ESALS) pola Universitat de Barcelona (UB). Pertence á Associació Cristiá de Lesbianes i Gais de Catalunya, ao Foro Europeo de Grupos Cristiáns LGTBI e é Subdirector do Centre LGTBI de Barcelona.